



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN E O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN PRIMARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa reunión do día 31 de maio de 2022, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Recomenda que sempre que se fale de competencias clave se use a expresión ao completo, aínda que lingüisticamente resulte algo redundante, xa que nalgúns casos só se fala de competencias.
- Propón engadir texto no artigo 4, quedando o parágrafo como segue: "A finalidade da educación primaria é facilitar ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, as habilidades lóxicas e matemáticas, a adquisición de nocións básicas da cultura e interculturalidade, e o hábito de convivencia, así como de estudo e traballo, os valores sociais, o respecto aos dereitos humanos o sentido artístico a creatividade e a afectividade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, á autonomía persoal, a corresponsabilidade e a interdependencia persoal, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obligatoria".
- Propón engadir un novo punto no artigo 5, co seguinte texto: "A educación primaria manterá a coherencia coa educación infantil e coa educación secundaria obligatoria, garantindo a coordinación entre as etapas, para asegurar unha transición adecuada do alumnado entre etapas e facilitar a continuidade do seu proceso educativo".
- Para o apartado e) do terceiro punto do artigo 6 propón adición de texto, quedando como segue: "Criterios de avaliación: referentes non cuantitativos que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren os obxectivos de cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe. Nese sentido, actúan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos da área, polo que son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, e describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias".
- Para o apartado i) do artigo 7 propón engadir texto, quedando como segue: "Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran, así como o seu uso responsable".



- Propón engadir un novo apartado no artigo 7, despois do k), co seguinte texto: "l) Desenvolver unha actitude natural e positiva ante a sexualidade, adquirindo coñecementos básicos sobre o acto sexual humano e entendendo a importancia do respecto a responsabilidade e a igualdade nas relacións coas demais persoas".
- Para o apartado l) do artigo 7, propón a substitución do seu texto polo seguinte: "Coñecer e valorar a flora e a fauna do entorno e adoptar formas de comportamento baseados no respecto e no coidado".
- Para o apartado n) do artigo 7, propón engadir texto, quedando como segue: "Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade sostible, activa, autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico".
- Propón engadir un novo apartado no artigo 7, co seguinte texto: "Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas".
- Propón suprimir texto no terceiro punto do artigo 11, quedando como segue: "As actividades escolares desenvolveranse ao longo de vinte e cinco horas semanais".
- Propón engadir un novo punto no artigo 16, co seguinte texto: "8. Prestarase especial atención ao principio de igualdade poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos".
- Para o terceiro punto do artigo 17 propón a adición do seguinte texto a continuación do existente: "Os centros dotaranse do persoal necesario para a correcta atención dende o departamento de orientación e a liberación necesaria para a correcta acción titorial".
- Propón engadir texto no artigo 18 de dúas emendas, incluíndo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e substituíndo a palabra "favorecer" por "realizar", quedando o parágrafo como segue: "Para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positiva desde a educación infantil á educación primaria e desde esta á educación secundaria obligatoria, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os centros docentes establecerán mecanismos para realizar a coordinación entre as diferentes etapas".
- Propón engadir un novo punto no artigo 19, despois do segundo, co seguinte texto: "As etapas de infantil e primaria disporán dun departamento de orientación propio coordinado coa educación secundaria obligatoria ou bacharelato se é o caso en todos os centros sostidos con fondos públicos".



- Propón engadir texto no quinto punto do artigo 19, quedando o parágrafo como segue: "Ao longo do terceiro ciclo, desde a titoría coordinarase, co equipo de orientación de referencia do centro a incorporación de elementos de orientación académica e profesional que inclúan, polo menos, o progresivo descubrimento de estudos e profesións e a xeración de intereses vocacionais libres de estereotipos sexistas".
- Propón substituír unha palabra na primeira liña por outra expresión ("*poñerase*" por "*dotarase de recursos para pór*"), así como engadir texto de dúas emendas na quinta liña ("*especialmente en entornos socialmente desfavorecidos. Nestes entornos a administración educativa procederá a unha diminución das ratios como elemento favorecedor das estratexias pedagóxicas*" e "*contando coa implicación do departamento de orientación e de todos os actores educativos*"), no primeiro punto do artigo 20, quedando o antedito punto como segue: "Na etapa da educación primaria dotarase de recursos para pór especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e para evitar a permanencia nun mesmo curso contando coa implicación do departamento de orientación e de todos os actores educativos, especialmente en entornos socialmente desfavorecidos. Nestes entornos a administración educativa procederá a unha diminución das ratios como elemento favorecedor das estratexias pedagóxicas. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo".
- Para o primeiro parágrafo do segundo punto do artigo 20 propón a adición do seguinte texto a continuación do existente: "A administración educativa dotará dos medios necesarios, tanto económicos como persoais, para poder dar resposta ás necesidades educativas individuais".
- Nos puntos terceiro e cuarto do artigo 20 propón substituír a expresión "necesidades específicas" por "necesidade específica".
- Para o primeiro parágrafo do séptimo punto do artigo 20 propón substituír a palabra "poderán" por "deberán".
- Para o terceiro punto do artigo 22 propón adición de texto, quedando como segue: "O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias e de reforzo suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno

poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

- Propón suprimir o seguinte texto do segundo punto do artigo 27: *"A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:*

– *Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.*

– *Suficiente: 5.*

– *Ben: 6.*

– *Notable: 7 ou 8.*

– *Sobresaliente: 9 ou 10."*

- Propón engadir un novo punto no artigo 33, co seguinte texto: "3. O persoal docente encargado da coordinación da biblioteca escolar disporá dunha redución do horario lectivo que garanta o seu funcionamento".

- Propón engadir texto no segundo punto do artigo 34, quedando o parágrafo como segue: "A consellería con competencias en materia de educación dotará as aulas de todos os centros para o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe".

- Recomenda engadir un novo artigo (36) para a "Promoción do uso do galego", pasando a unirse aos tres plans educativos que se presentan.

- Propón engadir un descriptor operativo na competencia plurilingüe ao completar o ensino básico (anexo I), co seguinte texto: "CP4. Coñece, valora, respecta e usa alomenos as dúas linguas oficiais de Galicia".

- Para o cuarto parágrafo dos contidos do bloque 2 (A vida no noso planeta) do cuarto curso da área de Ciencias da Natureza (anexo II), propón a adición do seguinte texto a continuación do existente: "Enfermidades relacionadas co proceso da alimentación e a aceptación do propio corpo".

- Para o séptimo obxectivo da área de Ciencias Sociais (anexo II), propón a adición de texto na súa denominación, quedando como segue: "OBX7. Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores do Estatuto de Autonomía de Galicia, da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos".



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

e
CONSELLO ESCOLAR
DE GALICIA

- No terceiro obxectivo da área de Educación Física (anexo II) propón substituír a expresión "actitude emprática" por "actitude empática" na denominación deste obxectivo.
- No sexto parágrafo da introdución da área de Educación en Valores Cívicos e Éticos (anexo II), propón substituír a expresión "relación cos animais" por "relación cos seres vivos".
- No terceiro obxectivo da área de Educación en Valores Cívicos e Éticos (anexo II) propón substituír a palabra "animais" por "seres vivos" no parágrafo correspondente.
- No segundo parágrafo da introdución da área de Lingua Castelá e Literatura (anexo II), propón adición de texto, quedando como segue: "O currículo de Lingua Castelá e Literatura deséñase coa vista posta no modelo de alumnado proposto no perfil de saída do alumnado ao termo da ensinanza básica, a partir dos descritores operativos que concretan o desenvolvemento competencial esperado ao terminar a etapa de educación primaria. Ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Dentro do ensino desta área, a literatura vai ter un valor significativo como produto de expresión artística e de relación con outras manifestacións artísticas e culturais da contorna, de Galicia e do mundo. Así, o currículo organízase arredor das estratexias relacionadas con falar, escoitar, ler, comprender e escribir, co fin de proporcionarlle ao alumnado ferramentas que lle permitan responder os retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso eficaz e ético das palabras; respectuosas cara ás diferenzas; con capacidade de transformar a información en coñecemento e de aprender por si mesmas, informarse, colaborar e traballar en equipo; creativas e emprendedoras; cultas e comprometidas co desenvolvemento sustentable, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática".
- No décimo oitavo parágrafo da introdución da área de Matemáticas (anexo II), propón substituír a expresión "para adquirir polo alumnado" por "a adquirir polo alumnado".

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2022

O secretario

Xosé María López Carretero



Visto e prace

O vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés



Xacobeo 21·22